



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

Anuncio

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2025

En cumprimento do establecido na Base 11 das canalizadoras das subvencións de referencia, a resolución provisional da súa concesión publicouse no BOP de Lugo nº 126, do 4 de xuño do presente.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a dita resolución provisional adquire o carácter de definitiva, o que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Consonte ao previsto na Base 10 das canalizadoras de ditas subvencións, celebrado o sorteo do premio consistente na visita dos Bolechas corpóreos ao centro escolar ao que pertence a entidade beneficiaria gañadora, publícase a súa identificación, así como a das tres reservistas para o seu coñecemento e aos efectos previstos na dita Base 10:

- Gañadora: APA Colegio Público de Nadela, con NIF: G27135193
- 1ª reservista: APA de Xermade, con NIF: G27035500
- 2ª reservista: APA CPI Dr. López Suárez de Friol, con NIF: G27328483
- 3ª reservista: Asociación de nais e pais de alumnos CEIP Anexa, con NIF: G27370105

Contra este Acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao desta publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao desta publicación, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se considere procedente.

Lugo, 20 de xuño de 2025.- O presidente, P.D. Decreto do 04/07/2023, o deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1793

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS EN PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000057.- NEGUEIRA DE MUÑIZ.- MELLORA DE VIAL MUNICIPAL DE NEGUEIRA A SEIRA

2025/CON_02/000058.- NEGUEIRA DE MUÑIZ.- MELLORA DE VIAL MUNICIPAL CARBALLÍN A BUSTELO

2025/CON_02/000070.- A PONTENOVA - TRABADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6102 “PONTEPEDRIDO (N-640) - VILAFORMÁN - TRABADA (LU-P-6104)”, P.K. 0+000 A 4+000

2025/CON_02/000072.- O VICEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6401 “SUEGOS (LU-862) - FALCOEIRA (LÍMITE PROVINCIAL), P.K. 0+607 A 3+240 E LU-P-6402 “VICEDO (LU-P-6404) - CRUZ DA PARDINEIRA - CRISTO DE PORTAPENA (LU-P-6406. RAMAL A LU-P-6401”, P.K. 17+126 A 19+299 E RAMAL P.K. 0+000 A 1+164

2025/CON_02/000073.- LOURENZÁ - MONDOÑEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2806 "CAZOLGA (LU-P-2804) - OIRÁN (LU-P-3101)", P.K. 0+000 A 3+772

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 20 de xuño de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1794

CONCELLOS**CHANTADA***Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 10/06/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2025, terá lugar neste municipio, dende o día 15 de xuño de 2025 ata o día 14 de agosto de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 10 de xuño de 2025.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1773

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 10/06/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 2º bimestre do exercicio 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.S., Manuel Diéguez Carballo.

R. 1774

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 12/06/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2025 terá lugar neste municipio dende o día 12 de xuño de 2025 ata o día 11 de agosto de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 12 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.S. (DECRETO 2025-530), o Concelleiro de Cultura, Manuel Diéguez Carballo.

R. 1775

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 12/06/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a maio 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a maio 2025 terá lugar neste municipio dende o día 12 de junio de 2025 ata o día 11 de agosto 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 12 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.S. (DECRETO 2025-0530), Manuel Diéguez Carballo.

R. 1776

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 03/06/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a maio 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes setembro 2024 terá lugar neste municipio dende o día 4 de maio de 2025 ata o día 4 de agosto de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 5 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.S. (DECRETO 2025-0530), o Concelleiro de Cultura, Manuel Diéguez Carballo.

R. 1777

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL.

O abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíz de paz, neste Concello iniciouse expediente para á elección de Xuíz de Paz Sustituto deste Concello.

A tal fin, faise a presente convocatoria pública segundo o seguinte detalle:

OBXETO: Elección de Xuíz de Paz Sustituto do Concello de Folgoso do Courel.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 20 días hábiles dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Lugar: No rexistro do Concello ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITANTES: Tódolos cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español.
- Maior de idade
- Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei, a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ó nomeamento.

DOCUMENTACIÓN: Os solicitantes deberán presenta-la instancia pertinente dirixida á Señora Alcaldesa-Presidenta, debendo adxuntar os documentos seguintes:

- Certificado de nacemento e fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Declaración complementaria á que se refire o artigo 2 da Lei 68/80, no seu punto 1.a), referente a se atopa inculcado ou procesado.
- Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da devandita función.
- Xustificante dos méritos que puida alegar (fotocopias compulsadas).

Folgoso do Courel, 18 de xuño de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1778

FRIOL

Anuncio

No concello recibíuse escrito remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Lugo, en relación co recurso contencioso administrativo procedemento abreviado 0000118/2025-A-, interposto por Dona Antonia Rodríguez Vera, sobre responsabilidade patrimonial. A requerimento do Xulgado, remitírase o expediente obrante nas oficinas municipais.

O que se fai público mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que cantos se consideren interesados no expediente poidan persoarse no recurso no prazo de 9 días. O edicto servirá de notificación, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, para todos os posibles

afectados que resultaren descoñecidos, se ignore o seu enderezo, ou ben tramitada a notificación, non puidesen ser citados persoalmente.

Friol, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1779

GUITIRIZ

Anuncio

BASES XXVI CONCURSO CANTERÍA DE PARGA. Expte. 708/2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 19/06/2025 aprobáronse as bases do XXVI Certame de Cantería:

«BASES PARA O XXVI CONCURSO DE CANTERIA DE PARGA

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do XXVI Certame de Cantería de Parga que se celebrará no marco da Feira da Cantería, Callos e Artesanía o próximo Domingo 20 de xullo de 2025.

A finalidade deste certame e promocionar o oficio de canteiro así como a pedra, que é un dos recursos turísticos máis importantes do noso Concello.

SEGUNDA : PARTICIPANTES .

Poderán participar no certame os maiores de idade .

A participación no concurso está limitada a 15 participantes, as solicitudes serán admitidas por rigoroso orde de inscrición.

TERCEIRA. TEMÁTICA , TÉCNICA E FORMATO.

- A organización terá disposto para tódolos participantes “ CACHOTES “ de granito Silvestre .
- O tema será libre.
- Os participantes terán que vir provistos das ferramentas manuais que eles consideren máis axeitadas para a realizacións das súas obras (macetas, punteiros, ciceis,... Etc).
- Disporán para labrar a pedra dende as **09:00h ata as 14:00 h** do día de celebración da feira, é dicir, do 20 de xullo de 2025, podendo adicarlle o tempo que cada un deles estime oportuno entre esas horas.

Antes de comezar a traballar identificaranse á organización presentando o DNI .

CUARTO. PREMIOS

As contías dos premios serán as seguintes:

- ❖ 1º Premio de 750 €
- ❖ 2º Premio de 500 €
- ❖ 3º Premio 250 €

As obras que resultaran premiadas pasarán a ser propiedade da organización.

A resolución de concesión de premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

QUINTO . INSCRICIÓNS.

A inscrición poderase facer por sede electrónica do concello <https://guitiriz.sedelectronica.gal/info.0> ou presencialmente no rexistro do Concello, ou por e-mail : turismo@concellodeguitiriz.com

O prazo de inscrición será do 1 a 15 de xullo de 2025.

SEXTO. XURADO.

O xurado estará composto por un mínimo de tres e un máximo de cinco persoas que designará a organización da mesma.

O xurado a hora de valorar terá en conta os seguintes criterios:

- A innovación e orixinalidade da obra.

- A calidade técnica e a estética da escultura.
- A complexidade da execución da peza.

O xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios, si así o acorda a maioría .

SEPTIMO. PAGO DOS PREMIOS.

Os participantes que resulten gañadores recollerán o día do certame un vale do premio.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Guitiriz a través dunha transferencia bancaria.

Para poder realizar a transferencia do premio, os gañadores deberán solicitar antes do 30 de agosto, no rexistro das oficinas do Concello ou a través da sede electrónica (instancia xeral) a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Certificación do número de conta.

SEPTIMO. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación neste concurso implica o coñecemento e a total aceptación das bases .

A organización completará co seu criterio as omisións que puideran producirse na redacción destas bases, e as dúbidas que ofrecerá a súa interpretación, sendo o seu fallo inapelable.

OITAVA: AUTORIZACIÓN DO DEREITO DE USO DO USO DA IMAXE E DATOS.

En cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Guitiriz informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Guitiriz, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Tódolos participantes polo feito de inscribirse, autorizan ao Concello de Guitiriz a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso do concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión. Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidas na lei indicada, comunicándollo a este Concello.»

O que se publica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 19 de xuño de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1780

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS XXV EDICIÓN DO CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2025.**

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de data 11.06.2025, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

<< INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

ASUNTO: XXV CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2025.

COMPETENCIA MUNICIPAL

Segundo o establecido no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a promoción da cultura é unha competencia municipal propia. En base a isto, desde a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua organízanse diferentes actuacións ao longo do ano para desenvolver unha programación cultural que facilite a participación da cidadanía nestas actividades.

INFORME

O Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" 2025, que este ano cumpre a súa XXV edición, é un premio de artes plásticas encamiñado á difusión e promoción de obras pictóricas que dan unha visión

particular de cada un dos artistas que as elaboran da cidade de Lugo non seu conxunto, dotado cunha contía de 5.100,00 €. A estes efectos, propónse a súa convocatoria e execución.

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria no RC 37569/2025 (33000.48101) do vixente orzamento municipal, previa a fiscalización correspondente, a aprobación polo órgano correspondente.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do XXV Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" 2025, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola tenente de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, do 26/07/2023 e Decreto núm. 2730/2025 do 19/03/2025 na súas actuais redaccións, PROPÓNSE para a súa aprobación pola tenente de alcalde titular da Área:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da XXV edición do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" 2025.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras da XXV edición do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" que seguidamente se transcriben:

"A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convoca o 25º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2025, de acordo coas seguintes

BASES:

Primeira. *Obxecto, participantes e réxime xurídico.*

1. O certame de pintura rápida ao aire libre "Cidade de Lugo" 2025 ten por obxecto plasmar nun lenzo ou calquera outro soporte elixido a visión artística da cidade de Lugo.

2. Poderán concorrer cantas autoras e autores maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes que se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tampouco poderán acceder os familiares ata 2º grao das persoas integrantes do xurado.

3. A concesión dos premios rexeráse por estas bases, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

Segunda. *Dotación e imputación orzamentaria.*

1. As autoras ou autores que resulten gañadores recibirán uns premios dotados con:

1º.- 1.600 € e diploma.

2º.- 1.100 € e diploma.

3º.- 900 € e diploma.

5 accésits de 300 € e diploma.

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma.

Estes premios estarán suxeitos a unha retención do 15% de acordo co Real decreto lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos xerais do Concello de Lugo para o exercicio 2025 con cargo á aplicación orzamentaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o concepto de premios 33000.48101 e estarán suxeitas ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

Terceira. *Características dos deseños.*

1. Os deseños, o estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. Os participantes deberán enviar obrigatoriamente unha localización do punto no que se sitúen para realizar a súa obra ao correo-e

cultura@lugo.gal antes das 12.00 horas; de non ser posible, facelo telefonicamente aos números indicados na base 8ª.

2. Queda prohibido o uso de tecnoloxías de intelixencia artificial para a elaboración dos deseños.

3. Os cadros deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

Cuarta. Data do certame, inscricións e selado.

As inscricións realizaranse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame, nesta edición de 2025, terá lugar o domingo, día **13 de xullo**.

Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se exporá a súa obra.

O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. e presentarse o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

Quinta. Modo de presentación.

Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo entre as 16.00 e as 17.00 horas (hora límite) e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas e os autores e autoras asinarán as obras.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores e autoras das obras non premiadas faranse cargo delas.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos.
- Cando os cadros presentados non se axusten ao tema do concurso.
- Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

Sexta. Xurado.

As obras presentadas someteranse á decisión do xurado. Unha vez coñecida a decisión do xurado coa proposta das obras premiadas e os accésits, conforme á base 1ª, estas quedarán custodiadas no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

O xurado será o encargado de propoñer as obras gañadoras, que se recollerán na resolución do órgano competente, onde se indicarán os recursos que contra a mesma se poderán interpoñer.

O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, de recoñecido prestixio e vinculadas coas artes plásticas, a ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, designadas pola Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo. Ditos membros actuarán como vogais con voz e voto, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso mediante resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O xurado estará integrado así mesmo pola Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua en calidade de presidenta; o persoal do Servizo de Cultura realizará as funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Sétima. Criterios de valoración.

O xurado fará unha listaxe dos deseños presentados por orde de puntuación, tendo en conta os criterios de valoración seguintes:

- Composición e perspectiva.
- Creatividade e interpretación da contorna
- Dominio da técnica empregada.
- Uso da cor e a luz.
- Impacto visual e emocional.
- Composición e perspectiva.

Valoración do encadre, disposición dos elementos, profundidade espacial, equilibrio na distribución de elementos, manexo correcto da perspectiva, uso adecuado do espazo, equilibrio visual, perspectiva, así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren neste criterio.

Puntuación máxima: 20 puntos.

- Creatividade e interpretación da contorna.

Orixinalidade na visión da contorna urbana/rural, captura da esencia e carácter da contorna, coherencia entre a escena urbana/rural e a interpretación da ou do artista, grao de innovación na interpretación da contorna, enfoque persoal e distintivo da e do artista, enfoque persoal, novidoso ou expresivo do motivo urbana/rural así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren neste criterio.

Puntuación máxima: 20 puntos.

- Dominio da técnica empregada.

Manexo do material elixido e destreza na aplicación da técnica seleccionada (óleo, acrílico, acuarela, etc.) así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren neste criterio.

Puntuación máxima: 20 puntos.

- Uso da cor e a luz.

Harmonía cromática, contraste, luz e sombra así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren neste criterio.

Puntuación máxima: 20 puntos.

- Impacto visual e emocional.

Capacidade para captar a atención e provocar unha reacción, capacidade da obra para atraer e manter a atención do espectador, forza expresiva e estética xeral así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren neste criterio.

Puntuación máxima: 20 puntos.

Oitava. Resolución, aceptación e cesión de dereitos.

As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que formulará unha proposta de concesión, da que levantará a correspondente acta, que será asinada por todos os membros do xurado, en base aos criterios de valoración establecidos na presente convocatoria e que se recollerá na resolución do órgano competente. O xurado pode propoñer declarar deserto o premio no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas.

A resolución do órgano competente relativa á concesión dos premios que recolle o ditame do xurado será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, indicando os recursos que contra a mesma se poderán interpoñer.

O xurado resolverá sobre calquera dúbida da súa competencia, sen prexuízo dos recursos que procedan. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297 212 / 216 /217/ 106 / 334 ou no correo-e cultura@lugo.gal

As obras premiadas e os accésits pasarán a ser propiedade do Concello, así como todos os dereitos inherentes ás mesmas. As autoras ou autores renuncian polo tanto a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os de autoría para incluílo no seu currículo. As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais que puideran realizarse.

Novena. Pagamento dos premios.

1. Os premios outorgados serán aboados mediante transferencia bancaria con cargo ao exercicio económico 2025. As persoas gañadoras deberán achegar, debidamente asinada, a declaración xurada que figura no Anexo I destas bases e facilitar unha certificación da conta bancaria da que son titulares para realizar o ingreso dos premios recollidos no artigo 1 da base Segunda.

2. As persoas participantes que obteñan o premio teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima. *Infraccións.*

Establécense as seguintes infraccións, que facultarán á Administración Local á imposición de penalizacións nos termos sinalados nestas bases. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves. De xeito máis concreto, especificanse as faltas nas seguintes categorías:

10. 1. Faltas leves. Cando non reúnan as características para unha cualificación de maior gravidade, considéranse faltas leves calquera incumprimento das bases non cualificada expresamente como grave ou moi grave.

10. 2. Faltas graves. Cando non reúnan as características para unha cualificación de maior gravidade, considéranse faltas graves as seguintes:

- a) Non atender aos requirimentos dos servizos municipais competentes.
- b) Empregar datos falsos ou a non verificación por parte da persoa participante dos datos achegados cando existan indicios de que o son.
- c) Non axustarse ao tema do concurso.
- c) A repetición de incumprimentos descritos como faltas leves cometidos no certame actual ou nos tres anteriores, cando houbera coñecemento dos antecedentes por parte dos responsables.
- f) Calquera outro incumprimento que afecte desfavorablemente ao desenvolvemento do certame e que non sexa cualificado como falta moi grave.

10. 3. Faltas moi graves. Considéranse faltas moi graves as seguintes:

- a) Utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.
- b) Non entregar a súa obra unha vez coñecido o pronunciamento do xurado ou retirala indebidamente.
- c) Falta de respecto ou consideración cos membros do xurado, co persoal municipal e/ou co público ou as persoas en xeral.
- d) A repetición dos incumprimentos descritos como faltas graves cometidos en calquera outro certame anterior, cando houbera coñecemento dos antecedentes por parte dos responsables.
- e) Calquera outro incumprimento que afecte gravemente ao desenvolvemento do certame e concorran circunstancias de conduta, desobediencia ou negligencia grave por parte dos seus responsables.

Décimo primeira. *Sancións.*

11.1. As infraccións establecidas nos apartados anteriores sancionaranse nas seguintes contías:

- a) Faltas leves: apercibimento que quedará rexistrado durante as próximas 3 edicións e 10% do importe correspondente no caso de obter un premio ou un accésit.
- b) Faltas graves: exclusión do certame e imposibilidade de presentarse nas dúas seguintes edicións.
- c) Faltas moi graves: exclusión do certame e imposibilidade de presentarse nas cinco seguintes edicións.

11.2. Para graduar as faltas e incumprimentos empregaranse como criterios preferentes a gravidade dos incumprimentos, o grao de intencionalidade ou negligencia dos responsables e a repetición da conduta infractora.

Décimo segunda. *Aceptación das bases, publicación e recursos.*

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases, que serán publicadas no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

ANEXO I

DECLARACIÓN XURADA

CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE 2025

CONCELLO DE LUGO

Dona/Don, con DNI
como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:
.....

DECLARO

1. Que todos os datos contidos nesta declaración e nos documentos que se achegan son certos.

2.- Que me atopo ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiario, no seu caso, do premio que puidera corresponder, comprometéndome a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.

3.- Non estar incurso/o en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Que acepto as bases ou normas reguladoras da presente convocatoria.

....., de de 2025."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 5.100,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC 37569/2025 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.

Lugo, (sinatura dixital)

O XEFE DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA,

Asdo. Xosé Manuel Cao Rei"

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 5.100,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC 37569/2025 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.>>

Así mesmo, consta informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal nº 2025/923 de data 13 de xuño de 2025, no que manifesta como resultado da fiscalización previa limitada: procede a tramitación do expediente.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da XXV edición do Concurso de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" 2025.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras da XXV edición do Concurso de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" 2025.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 5.100,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC 37569/2025 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Cúmprase.

Lugo, 17 de xuño de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 1781

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0202, de 3 de xuño de 2025, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de MAIO de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil catrocentos noventa e sete euros con oitenta e catro céntimos (3.497,84 €), correspondendo dous mil setenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (2.073,75 €) a dependencia e mil catrocentos vinte e catro euros con nove céntimos (1.424,09 €) a libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 9 de xuño de 2025.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1782

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MAIO 2025

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025-0484, de data 16.06.2025, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 17 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1783

TABOADA*Anuncio***Aprobación definitiva da ORDENANZA DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE DO CONCELLO DE TABOADA.****APROBACION DEFINITIVA**

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril de 2025, acordou a aprobación inicial da ORDENANZA DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE DO CONCELLO DE TABOADA acordo que se expuxo ao público mediante edicto no taboleiro de anuncios e no BOP nº 103 do 7 de maio de 2025, polo prazo de trinta días hábiles, sen que se producira ningunha reclamación.

Estando, polo tanto, aprobada definitivamente a modificación da ORDENANZA DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE DO CONCELLO DE TABOADA” publícase o artigo a modificar no BOP en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

<<

ORDENANZA DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE DO CONCELLO DE TABOADA**ÍNDICE****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS****Artigo 1º.- Obxecto****Artigo 2º.- Ámbito de aplicación****Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo****Artigo 4º.- Beneficiarios e requisitos****Artigo 5º.- Dereitos das persoas beneficiarias****Artigo 6º.- Deberes das persoas beneficiarias****Artigo 7º.- Duración do préstamo****Artigo 8º.- Causas de denegación****Artigo 9º.- Solicitude e documentación a achegar****Artigo 10º.- Prazo****Artigo 11º.- Metodoloxía a seguir****Artigo 13º.- Financiamento****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A atención ás persoas en situación de dependencia e con discapacidade e o apoio ás súas familias e coidadores constitúen un dos eixos fundamentais e prioritarios das políticas sociais do Concello de Taboada.

O aumento da esperanza de vida, como consecuencia dos avances sanitarios e sociais, leva tamén consigo un aumento do número de persoas dependentes que non poden realizar por si mesmas actividades básicas da vida diaria, como vestirse, levantarse, lavarse... Como consecuencia do anterior, nos últimos anos produciuse un aumento da demanda de servizos e axudas por parte de familiares e coidadores de persoas dependentes, e as previsións demográficas apuntan a que seguirá aumentando nos próximos anos.

O aumento da intensidade asistencial a estas persoas require, en moitas ocasións, da asistencia de axudas técnicas para prestar unha atención adecuada e facilitar así o traballo dos familiares e coidadores. Non obstante, o acceso a estas axudas técnicas supón un desembolso económico que moitas familias do noso municipio non poden afrontar, provocando así situacións de exclusión social no acceso aos coidados imprescindibles para garantir a calidade de vida destas persoas e das súas familias.

Por iso, a finalidade deste servizo social non é outra que a de prestar axuda aos familiares e coidadores de persoas dependentes, evitando así situacións de desigualdade no acceso á atención sociosanitaria básica.

Hai axudas que poden parecer superfluas pero cando son necesarias, son de crucial importancia para o benestar das persoas e das familias. Dispoñer ou non de cadeira de rodas ou grúa de mobilización, marca unha gran diferenza no día a día dun fogar, na calidade de vida das persoas en situación de dependencia e

dos coidadores. Temos que garantir que calquera persoa que o necesite poida acceder a estes elementos de apoio no momento en que o precise, sempre primando a atención ás persoas con menos recursos.

Tendo en conta a normativa que se cita:

- Lei Xeral de Sanidade.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Decreto 15/2010, de 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e da elaboración do Programa Individual de Atención.
- Decreto 240/1995, do 28 de xullo polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar.
- Regulamento e Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do concello de Taboada.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.

Mención especial merece a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, pois establece que a atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúen un dos principais retos da política social nos países desenvolvidos. O reto non é outro que atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse nunha situación de especial vulnerabilidade, precisan de apoio para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía. Para estes efectos, o artigo 12.1 do citado regulamento establece que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúa.

No marco da citada normativa, régúlase, en virtude destas bases, o servizo de préstamo de axudas técnicas, que se inscribe no Programa de Apoio á Unidade de Convivencia e Axuda no Fogar, como prestación básica de carácter comunitario, co fin de contribuír a acadar unha mellor calidade de vida e autonomía persoal das persoas con problemas de mobilidade, discapacidade ou en situación de dependencia.

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de préstamo de axudas técnicas de apoio a mobilidade desenvolvido polo Concello de Taboada.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao termo municipal de Taboada.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

3.1. O servizo de préstamo de axudas técnicas de apoio a mobilidade é un servizo municipal e gratuíto. Está dirixido a persoas que necesiten dispoñer de axudas técnicas debido as súas dificultades na mobilidade e que se encontren nunha situación ou risco de exclusión social.

3.2. O servizo dependerá da dispoñibilidade do material e da valoración por parte dos Servizos Sociais das necesidades das persoas usuarias e das súas familias.

Son obxectivos de este servizo os seguintes:

- a) Favorecer a permanencia das persoas destinatarias na súa contorna familiar e o envellecemento de calidade, evitando ou retardando a institucionalización mentres sexa posíbel.
- b) Aportar estas axudas técnicas para que os coidadores simplifiquen a súa labor.
- c) Previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar limitacións na actividade diaria e restricións na promoción da autonomía persoal.
- d) Garantir que haxa unhas axudas técnicas que preveñan varios problemas de saúde dos usuarios do servizo tales como: problemas cutáneos, músculo esqueléticos, respiratorios, cardiovasculares etc.
- e) Procurar a mellora da calidade de vida tanto do coidador/a como da persoa dependente.

Artigo 4º.- Beneficiarios e requisitos

Poderán beneficiarse das axudas técnicas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- As persoas que padezan limitacións funcionais graves, para as que necesiten axuda doutra persoa para realizar ABVD (as actividades básicas da vida diaria son as relacionadas co autocoidado, como levantarse,

deitarse, vestirse, camiñar, alimentarse, realizar a hixiene persoal, manter o control do esfínter, etc.) e que lles sexa necesaria unha axuda técnica deste tipo. Deberán ter unha situación de dependencia ou discapacidade recoñecida e valorada ou un informe médico que o xustifique.

- Persoas que, por motivos temporais, teñan reducida a mobilidade e necesiten axudas técnicas para mellorar a súa capacidade funcional, por exemplo despois de ter sufrido un accidente, unha operación, etc.

- Que a renda per cápita da unidade familiar non supere o 150% do IPREM. Para a determinación desta capacidade económica tomarase como referencia os ingresos totais anuais da unidade familiar convivinte, procedentes de salarios, pensións, alugueres e calquera outro, dividíndoos polo número de persoas que integran a unidade familiar. No caso de persoas que vivan soas, os ingresos dividiranse por 1,5 en compensación de gastos xerais.

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Taboada durante, polo menos, seis meses anteriores á data da solicitude, salvo aquelas persoas que se atopen nunha situación de emerxencia, previa valoración polos servizos sociais comunitarios.

- Non ter acceso á prestación de axuda técnica por ningún outro medio.

Para os efectos destas bases, considerarase unidade económica de convivencia a formada pola persoa solicitante do servizo e, se é o caso, o seu cónxuxe ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes e demais familiares dun ou outro por consanguinidade e afinidade, ata segundo grao inclusive, así como por adopción, tutela ou acollemento constituído por resolución xudicial ou administrativa, sempre que convivan co primeiro no mesmo domicilio.

Artigo 5º.- Dereitos das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias do servizo terán dereito a:

1. Que sexa respectada en todo momento a súa individualidade e dignidade persoal.
2. Recibir o servizo adecuadamente.
3. Ser informadas puntualmente das modificacións que poidan producirse no réxime da prestación.
4. A intimidade e a confidencialidade.

Artigo 6º.- Deberes das persoas beneficiarias

6.1 As persoas beneficiarias das axudas técnicas reguladas en estas bases están obrigadas a cumprir co obxectivo das mesmas e a empregarlas conforme á finalidade para a que foron concedidas. O solicitante recoñece que este artigo é propiedade do Concello de Taboada e que se entrega en condicións óptimas de uso. O obxecto prestado deberá ser devolto no mesmo estado en que foi recibido.

6.2. Ademais, as persoas beneficiarias están obrigadas a:

- a) Facilitar toda a información requirida polos servizos sociais.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará, de ser o caso, os servizos sociais a través do seu persoal.
- c) Informar ó/a traballador/a social de posibles modificacións ou variacións que se produzan na situación persoal e económica da unidade familiar do beneficiario, que poidan dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación, no prazo máximo de 10 días.

O artigo prestado só poderá ser utilizado pola persoa beneficiaria e no ámbito xeográfico do concello de Taboada. No caso de que o usuario se ausentase máis dun mes do seu domicilio sen comunicación e xustificación da mesma, estará obrigado a devolver a axuda técnica prestada .

d) O beneficiario comprométese a recibir a axuda no momento da súa concesión e a devolvela unha vez transcurrido o prazo de prestación que rematará aos doce meses dende a concesión e en bo estado. A non devolución no prazo acordado, considerarase como apropiación indebida e adoptaranse as medidas oportunas.

No caso de que, no momento da devolución do material, este non estea en bo estado por mal uso ou negligencia ou porque non se realizara o mantemento necesario, o custo da reparación, sustitución ou posta a punto, correrá a cargo do usuario.

O transporte e recollida do material, así como o mantemento necesario, será a cargo da persoa beneficiaria do servizo.

Con carácter xeral, o desfrute por parte dun mesmo beneficiario de varias axudas técnicas será compatible, sempre que teñan diferentes finalidades e satisfagan necesidades diferentes e sempre que así o valore o/a traballador/a social.

Artigo 7º.- Duración do préstamo

O servizo de préstamo para axudas técnicas caducará aos 12 meses despois do préstamo (sendo necesaria unha solicitude de prórroga para o mesmo, sempre que se manteñan as mesmas circunstancias, a valorar polo Departamento de Servizos Sociais municipal) ou por algún dos seguintes motivos:

- a) falecemento da persoa beneficiaria.
- b) Solicitude de baixa do/da usuario/a ou do seu representante.
- c) Perda dos requisitos de acceso ao servizo.
- d) Ingreso da persoa usuaria nun centro de aloxamento alternativo.
- e) Traslado de domicilio a outro termo municipal.
- f) Uso indebido da asistencia técnica, falsificación de datos ou ocultación da mesma.
- g) Esixencia dos servizos sociais municipais por causa xustificada, informe previo e notificación ao usuario/a

Artigo 8º.- Causas de denegación

Serán causas de denegación das solicitudes:

- 1-Presentación da documentación requirida fóra do prazo establecido.
- 2-Non cumprir algún dos requisitos establecidos no artigo 4º.

Artigo 9º.- Solicitudes e documentación a achegar

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Taboada, xunto coa seguinte documentación:

- Contrato cumprimentado e asinado (ANEXO I)
- Compromiso de devolución (ANEXO II)
- Solicitude do servizo (ANEXO III)

Estes anexos deberán ir acompañados da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia de todos os membros da unidade económica de convivencia.
- Fotocopia dos xustificantes dos ingresos económicos de todos os membros da unidade económica de convivencia maiores de idade.
- Certificado de situación de desemprego se fora o caso.
- Documentos acreditativos da limitación funcional grave mediante informe médico, certificado acreditativo do grao de discapacidade, resolución de valoración do grao de dependencia...
- Calquera outra documentación requirida polos Servizos Sociais municipais.

Artigo 10º.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes comezará dende o día seguinte ó da publicación da aprobación definitiva deste regulamento no BOP de Lugo.

O prazo máximo para ditar e notificar ós interesados a resolución, será dun mes contado dende o día seguinte da presentación da solicitude.

En caso de non recibir notificación entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 11º.- Metodoloxía a seguir

O solicitante presentará unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello. A traballadora social poderá realizar a solicitude de oficio sempre que a urxencia do caso así o requira.

Realizarase un informe social sobre se o solicitante reúne os requisitos establecidos neste regulamento así como das súas circunstancias socioeconómicas e familiares.

A aprobación deste servizo concederase segundo a orde de recepción das solicitudes, sempre que se cumpran os requisitos establecidos e se acompañe toda a documentación requirida.

Pasarán a formar parte dunha lista de agarda todas aquelas persoas que, cumprindo o requisito para acceder á prestación, non poidan ser atendidas de xeito inmediato por estar xa concedidas as axudas técnicas. Para estes supostos, establecerase a seguinte orde de prelación:

- A. Usuarios dependentes recoñecidos que reciban o servizo de axuda no fogar.
- B. Beneficiarios que, de xeito temporal, con motivo de postoperatorios ou rehabilitación por accidentes ou similares, requiran estes servizos, concedéndolle por un prazo máximo non superior a seis meses, transcorrido o cal haberá que revisar as condicións de concesión e volver a valorar a solicitude
- C. Beneficiarios con grao de discapacidade ou dependencia recoñecido para os que sexa necesaria a axuda técnica, segundo informe médico informativo.
- D. Outros solicitantes valorados polos servizos sociais municipais.

Artigo 12º.- Financiamento

Tendo en conta que estas axudas técnicas son un apoio básico na atención ás persoas con limitacións funcionais non se cobrará ningunha tarifa económica pola prestación deste servizo.

CONTRATO (ANEXO I)

Para acceder ao préstamo da axuda técnica, o solicitante deberá asinar este contrato:

Condicións do préstamo

O solicitante reconece que este artigo ou accesorio é propiedade do Concello de Taboada e que se entrega en condicións óptimas de uso. O obxecto prestado deberá ser devolto no mesmo estado en que foi recibido.

A non devolución transcorrido o prazo acordado, considerarase como apropiación indebida e adoptaranse as medidas oportunas.

O usuario comprométese a facer un uso coidadoso do artigo entregado e a seguir as seguintes regras:

- O artigo só poderá ser utilizado para o seu propio fin, e non debe ser utilizado para fins distintos do seu uso habitual.

- O artigo prestado só poderá ser utilizado pola persoa beneficiaria e no ámbito xeográfico do Concello de Taboada.

- O artigo ou axuda técnica non poderá ser retirado nin utilizado fóra do domicilio do beneficiario, salvo indicación por parte dos servizos sociais municipais.

- A duración do presente contrato establécese por un período que rematará aos 12 meses dende a concesión da axuda.

Responsabilidade

O usuario é responsable do uso e destino do artigo tanto fronte a terceiros e acompañantes como contra si mesmo.

O concello non asume responsabilidade algunha polos danos ou accidentes que o usuario poida ocasionar no uso do artigo ou accesorio cedido, tanto a si mesmo como a terceiros, non podendo reclamar indemnización por danos e prexuízos por tal concepto.

Reparacións

As reparacións ordinarias e obrigatorias derivadas do uso normal e frecuente dun complemento prestado, correrán a cargo do adxudicatario, salvo que os danos ou avarías se orixinen por uso indebido ou negligencia por parte do usuario, caso en que o custo da reparación, substitución ou a afinación recaerá no usuario.

O usuario ten a obriga de comunicar inmediatamente calquera fallo ou disfunción no normal funcionamento do obxecto prestado.

Devolucións

A devolución do artigo obxecto deste contrato, así como dos seus correspondentes accesorios, realizarase na data e hora fixadas no compromiso de devolución. O Departamento de Servizos Sociais verificará que o artigo e os accesorios se devolvan en perfecto estado, podendo reclamar ao usuario os defectos no momento da recollida.

En Taboada, a ____ de _____ 20__

Asdo.: _____

COMPROMISO DE DEVOLUCION (ANEXO II)

D/Dna _____ con DNI _____
e domicilio _____
Tlfno: _____

DECLARA:

Que con data _____ os Servizos Sociais municipais do Concello de Taboada danme en usufruto, como préstamo:

Polo tanto comprométome a:

- Destinar a prestación á finalidade para a que se concede.
- As axudas técnicas deberán ser destinadas exclusivamente ao beneficiario sen que poida ser arrendadas ou cedidas a terceiros
- Ser responsable do mantemento da axuda técnica concedida mentres permaneza no meu domicilio
- Encargarme daquelas reparacións ou substitucións de pezas que deban realizarse debido a un uso incorrecto do material, unha vez se me entreguen as instrucións necesarias ou se me explique o seu funcionamento.
- Devolver a este concello, no momento do cesamento da necesidade que orixinaba este préstamo, nas mesmas condicións en que me foi cedida, a axuda técnica e os seus complementos.

Data de devolución prevista:

Taboada, _____ de _____ de 20_____

Asdo.: _____

SOLICITUDE DE SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS (ANEXO III)

DATOS DO SOLICITANTE		
Apelidos:		Nome:
DNI:	Teléfonos:	Fixo: Móbil:
Enderezo:		
Data Nacemento:	Grado Dependencia:	Grado Discapacidade:

DATOS DO REPRESENTANTE OU GARDADOR DE FEITO		
Apelidos:		Nome:
DNI:	Teléfonos:	Fixo: Móbil:
Enderezo:		

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR				
Nome e Apelidos	DNI	Data Nacemento	Parentesco	Ingresos anuais

SOLICITO: A concesión do servizo de préstamo para a seguinte axuda técnica:

1. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia de todos os membros da unidade económica de convivencia.
- Fotocopia dos xustificantes dos ingresos económicos de todos os membros da unidade económica de convivencia maiores de idade.
- Certificado de situación de desemprego se fora o caso.
- Documentos acreditativos da limitación funcional grave mediante informe médico, certificado acreditativo do grao de discapacidade, resolución de valoración do grao de dependencia...
- Calquera outra documentación requirida polos Servizos Sociais municipais.

2. COMPROMISOS

No caso de ser aprobada esta solicitude comprométome a:

- Permitir e facilitar a labor do traballador social para verificar a súa situación sociofamiliar e económica, e facilitar o control e seguimento do cumprimento da axuda.
- Comunicar ó departamento de servizos sociais calquera variación na súa situación que poida afectar á concesión da solicitude, nun prazo máximo de 10 días.

3. DECLARACIÓNS RESPONSABLES

A persoa asinante, declara baixo a súa responsabilidade:

Estar ó corrente coas obrigas tributarias de carácter local, autonómico e estatal, así como coas obrigas coa Seguridade Social e a AEAT.

AUTORIZA ó Concello de Taboada para consultar os datos de empadramento.

Non teño dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE, etc ou calquera outra entidade

A veracidade da documentación presentada e comprométese a que se despois de presentar esta declaración se produce algunha variación na súa situación persoal, económica ou de convivencia, deberá comunicalo a este Concello.

Acepto a supervisión da axuda por parte dos servizos municipais.

Taboada, _____ de _____ de 20_____

Asdo.: _____ >>

Taboada, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1784

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LUGO

Anuncio

BASES REGULADORAS XXV EDICIÓN DO CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2025

BDNS (Identif.): 841365

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/841365>)

Obxecto, participantes e réxime xurídico.

1. O certame de pintura rápida ao aire libre "Cidade de Lugo" 2025 ten por obxecto plasmar nun lenzo ou calquera outro soporte elixido a visión artística da cidade de Lugo.

2. Poderán concorrer cantas autoras e autores maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

Dotación e imputación orzamentaria.

1. As autoras ou autores que resulten gañadores recibirán uns premios dotados con:

1º.- 1.600 € e diploma.

2º.- 1.100 € e diploma.

3º.- 900 € e diploma.

5 accésits de 300 € e diploma.

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma.

Lugo, 17 de xuño de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 1785
